

# PRIMEIRAS SOIDADES

Claire Simon, 2018

# 601

PASE ÚNICO EN NUMAX: 21.10.2019 | V.O.S.E. | TP

*Premières solitudes* (2018, 100')

**Dirección:** Claire Simon

**Guión:** Claire Simon

**Son:** Fabien Adelin, Pierre Bompy, Elias Boughedir, Virgile van Ginneken, Nathalie Vidal, Gregory Vincent

**Montaxe:** Luc Forveille, Léa Masson, Claire Simon

**Fotografía:** Claire Simon

**Produtora:** Les Films 13 (Francia)

**Distribuidora:** Pack Mágic

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Le concours*, 2016

*Le bois dont les rêves sont faits*, 2015

*Gare du Nord*, 2013

*Las oficinas de Dios*, 2008

*Mimi*, 2003

*En llamas*, 2006

*Récréations*, 1998

## SINOPSE

Adolescentes dun instituto da periferia parisina discuten durante longas horas, xa sexa en clase, nos corredores ou no recreo, sobre as súas aspiracións, desexos de fuxir e abandonaren a súa zona de confort para descubriren un novo mundo sós. A familia, os amigos, a súa vida até ese intre, pero sobre todo a soidade. Cada un destes alumnos irá amosando a súa percepción e sentimento cara á soidade e o desexo de quere mudar esa situación ou non.

«Un fermoso documental sobre a vida cotiá dalgúns estudantes de secundaria, entre o tormento persoal e a solidariedade colectiva»

Ludovic Béot, LES INROCKUPTIBLES

## OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO  
DE NUMAX



## “Gústame probar novos lenzos con cada filme, maneiras que son novas para min”

**Entrevista con Claire Simon**

Por Dorothee Wenner

**Primeiras soidades transcorre nun instituto das aforas de París. Que tipo de instituto é? Escolleuno porque é moi representativo ou ten algo relevante, especial, que fixo que rodase naquel centro en concreto?** En realidade non o escollín. Unha profesora convidoume a facer un filme cos mozos e mozas da súa clase. Ela ensina literatura e cinema. O cinema é unha asignatura optativa e só ten dez alumnos. Eu tiña que dirixir e escribir un guión e eles interpretarían os papeis e realizarían os seus labores técnicos. Trátase dun taller financiado polo concello e as salas de cinema do pobo. Tiña que facer o guión dunha curta de ficción pero as cousas mudaron e decidín implicarme máis e decícarlle moito máis tempo. Namorei deste instituto, do edificio e dos alumnos. Aparecen todos no filme. Gústame moito o edificio no alto da montaña desde onde se ve toda a cidade, como nun cadro de Fernand Léger.

**Cóntenos algúns detalles da súa aproximación aos adolescentes que nos presenta. Como elixiu os protagonistas, como desenvolveu a narración, como preparaba as escenas?** Ao comezo, como se supuña que estaba a escribir unha curta de ficción, díxenlles que tiña que coñecerlos mellor para poderlles escribir unha historia que eles interpretasen. Pregunteilles pola soidade, que é unha experiencia que compartimos todas as persoas independentemente da idade e todos se deron por aludidos. Iso fixo que falasen da súa vida persoal, da que xamais falan con amigos e amigas. Filmei as entrevistas e editeinas. Conmóvéronme profundamente as respostas, as historias e as súas maneiras de pensar.

**Os protagonistas de Primeiras soidades parecen moi conscientes da cámara. Podería comparar a súa actitude coa dos protagonistas cos que traballou noutros filmes?** Filmamos

diálogos e, como todos os actores, eran conscientes da presenza da cámara. Pero os diálogos e o intercambio son absolutamente verdade. Non é un documental na tradición do Cinema Directo, é outro xeito de facer filmes.

**En tanto cineasta é coñecida por empregar elementos de ficción nos seus documentais. Hai algún terreo onde decidise que non hai que caer de ningún xeito?** O terreo no que non hai que entrar xamais é na vaidade ou o narcisismo, a menos que ese sexa o tema. Cada filme ten a súa forma estética. Gústame probar novos lenzos, maneiras que son novas para min, e facer o contrario do que fixen no filme anterior.

**Aínda hai certos públicos que reaccionan de maneira furibunda cando un filme mestura ficción e documental.** Eu percibo a reacción do público ao documental no sentido contrario a como vostede di. Semella que á xente lle gusta a falsidade, a sensación de ficción, no documental. Coido que todo o mundo pode ver en *Primeiras soidades*, así como nos meus demais filmes, que todo é verdade. Ninguén pode escribir diálogos coma eses e reproducilos ante a cámara. Son completamente reis. A miña tarefa foi dirixir os rapaces e axudalos a entender os demais, a descubrir as súas vidas e interesarse polas súas historias. A escoitar.

Publicado en [packmagic.cat](http://packmagic.cat)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### **A directora**

Claire Simon (Londres, 1955) é unha guionista, actriz, fotógrafa e directora francesa de amplo prestixio internacional. Iníciase con suxestivas creacións de cinema directo como *Les patients* (1989), *Coûte que coûte* (1995) ou *Récréations* (1998), cos que obtén numerosos premios. En 1997 debuta na ficción con *Sinon, oui*, seleccionado na Quincena dos Realizadores de Cannes. A partir dese momento inicia unha fecunda mestizaxe entre documental e ficción con fitas como *Ça, c'est vraiment toi* (2000), Gran Premio do Xurado en Belfort, ou *Mimi* (2003) seleccionada en Berlín. Nas súas tres décadas de traballo creativo Simon desenvolveu un estilo propio tentando capturar mediante diferentes dispositivos a esencia do real.

### **OS OLLOS VERDES**

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)